

# Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

*Situación:*  
Concello de Tomiño.

*Autor:*  
Sergio Daniel Orosa López.  
(Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos)

*Peticionario:*  
C. do Medio Rural, Xunta de  
Galicia.


*Data:*  
Novembro 2022

*Empresa Consultora:*  
Proyestegal S.L.

Orzamento Execución por  
Contrata: 75.342,36 €



Fondo Europeo Agrícola de  
Desenvolvemento Rural:  
Europa inviste no rural



## TOMO II

Digitally signed by OROSA LOPEZ,  
SERGIO DANIEL (FIRMA)  
DN: c=ES, serialNumber=76581108D,  
sn=OROSA, givenName=SERGIO  
DANIEL, cn=OROSA LOPEZ, SERGIO  
DANIEL (FIRMA)

# ÍNDICE XERAL TOMO II

**DOCUMENTO Nº 1: MEMORIA E ANEXOS**

DOCUMENTO Nº 2: PREGO DE CONDICIÓN

DOCUMENTO Nº 3: ORZAMENTO

DOCUMENTO Nº 4: PLANOS

# ANEXOS Á MEMORIA

## ANEXO 1: PARÁMETROS DE DISEÑO

## ANEXO 2: LEVANTAMIENTO TOPOGRÁFICO

SUBANEXO 2.1: RESEÑA DE BASES TOPOGRÁFICAS

SUBANEXO 2.2: PLANO DO LEVANTAMENTO

SUBANEXO 2.3: LISTADO DE REPLANTEO DOS EIXOS

## ANEXO 3: MOVEMENTO DE TERRAS

## ANEXO 4: ESTUDO XEOTÉCNICO

## ANEXO 5: ESTUDO HIDROLÓXICO

SUBANEXO 5.1: CÁLCULOS HIDROLÓXICOS

SUBANEXO 5.2: PLANOS CONCAS

## ANEXO 6: PROGRAMACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA

SUBANEXO 6.1: PROGRAMACIÓN TÉCNICA

SUBANEXO 6.2: PROGRAMACIÓN ECONÓMICA

## ANEXO 7: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

SUBANEXO 7.1: LISTADO VALORADO DE MATERIAIS MAQUINARIA E MAN DE OBRA

SUBANEXO 7.2: PREZOS AUXILIARES

SUBANEXO 7.3: PREZOS DESCOMPOSTOS

## ANEXO 8: PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS

## ANEXO 9: MEDIDAS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

SUBANEXO 9.1: PLANOS AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS

## ANEXO 10: MEDIDAS DE PROTECCIÓN DE PATRIMONIO

SUBANEXO 10.1: FICHAS DE PATRIMONIO

SUBANEXO 10.2: PLANOS DE PATRIMONIO

## ANEXO 11: MATRIZ DE CONDICIONANTES AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS

SUBANEXO 11.1: TÁBOAS DE IMPACTOS POR CAMIÑO

SUBANEXO 11.2: PLANOS E FICHAS DE AFECCIÓN

SUBANEXO 11.3: CHECKLIST AMBIENTAL

## ANEXO 12: PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE

## ANEXO 13: CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CAMIÑOS PROXECTADOS

SUBANEXO 13.1: TÁBOA RESUMO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

# Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

## **ANEXO 10**

### **MEDIDAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO**





## ÍNDICE

|                                                                                           |          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------|
| <b>1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS .....</b>                                    | <b>4</b> |
| <b>2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN .....</b>                                                | <b>4</b> |
| <b>3. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS .....</b>                                          | <b>5</b> |
| 3.1. EMPRAZAMENTO .....                                                                   | 5        |
| 3.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS .....                                                | 5        |
| <b>4. INCIDENCIAS DAS OBRAS RESPECTO A CONXUNTOS PATRIMONIAIS .....</b>                   | <b>6</b> |
| 4.1. ELEMENTOS PATRIMONIAIS.....                                                          | 6        |
| 4.2. DETALLE DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS UBICADOS NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA..... | 6        |
| <b>5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS .....</b>                      | <b>7</b> |
| <b>6. DISPOSICIÓN NORMATIVAS .....</b>                                                    | <b>8</b> |
| <b>7. CONCLUSIÓN .....</b>                                                                | <b>9</b> |

## **1. OBXECTO E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**

Redáctase o presente Anexo para xustificar o cumprimento das Obras recollidas no **“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”** nās condicións técnico-ambientais establecidas e esixidas pola actual lexislación concorrente en actuacións desta natureza.

O obxectivo do “Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)” será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade.

Ó tratarse de camiños secundarios, este proxecto apoiarase tanto na rede viaria actualmente existente como na rede de camiños principais creados durante a fase previa á creación deste proxecto. Ademais dos casos anteriores, tamén se apoiará naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e unha pendente aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, as propias pendentes, a limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes.

A concentración parcelaria da zona de Estás-Goián-Figueiró (Tomiño-Pontevedra), foi declarada de utilidade pública e urxente xecución por Decreto 194/1993, do 29 de xullo do ano 1993 (Diario Oficial de Galicia nº 157, del 17 de agosto cde 1993).

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicárase no inicio da fase seguinte.

Destacar tamén que se utilizou como referencia o **Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)** do Concello de Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo de 2001, publicado no BOP o 15 de maio de 2001, no DOG o 16 de abril de 2001 e entrou como Normativo o 15 de maio de 2001.

## **2. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN**

As necesidades a satisfacer pola Rede de Camiños proxectada son as seguintes:

- **Necesidades sociais**
  - a) Comunicar os lugares entre si, e coas parroquias veciñas, con viais máis curtos e rápidos (*potenciando o intercambio de iniciativas*), e mellorar os seus accesos.
  - b) Dotar á zona dunhas vías de comunicación que faciliten o desenvolvemento

socioeconómico da mesma.

- **Necesidades económicas**

- a) Comunicación cos centros de produción, comerciais e administrativos.
- b) Dotar de adecuado servizo ás leiras en beneficio da súa rendibilidade.

- **Vertebración da Zona de Reestruturación Parcelaria**

Coas actuacións obxecto do presente Proxecto iniciárase, de xeito óptimo e sostible:

- a) Unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
- b) Un acceso directo as fincas da zona.
- c) Adecuación de toda a rede de camiños (*actuais e futuros*), e indirectamente das estradas da zona, o nivel de seguridade vial esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o nivel de tráfico que soportan na actualidade.

Segundo o disposto no **artigo 2 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia**, unha das finalidades da concentración é a de establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo todas as fincas.

Con este fin, xunto co de mellorar a comunicación entre os lugares das parroquias e as paraxes onde se sitúan agras e montes obxecto de concentración, redáctase o presente proxecto, tendente a mellorar as condicións para a explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais da zona.

### **3. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS**

#### **3.1. EMPRAZAMENTO**

A obra descrita ubícase nas parroquias de Estás e Goián, Concello de Tomiño, Provincia de Pontevedra, tal e como se pode apreciar no Documento Nº 4: PLANOS do presente Proxecto.

#### **3.2. TIPOLOXÍAS DE CAMIÑOS PREVISTAS**

As Obras previstas no **“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”** definen unha rede conformada por catro (4) camiños, unha rampla e un viradoiro, cunha lonxitude total de 479 metros.

A rede de camiños proxectada está formada por:

**Camiños de nova apertura:** correspondentes aos camiños denominados no proxecto como C1 na súa totalidade, C3 dende o P.Q. 0+100 ata o remate, o camiño C4 na súa totalidade e o citado viradoiro. Sumando en total unha lonxitude de 306 metros.

**Mellora de camiños:** correspondentes aos camiños denominados no proxecto como C2, os primeiros 100 metros do camiño C3, e a rampla. Sumando en total unha lonxitude de 173 metros. Onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas.

## **4. INCIDENCIAS DAS OBRAS RESPECTO A CONXUNTOS PATRIMONIAIS**

### **4.1. ELEMENTOS PATRIMONIAIS**

Todos os Elementos Patrimoniais localizados e catalogados dentro da zona de concentración parcelaria, aparecen sinalados no Plano adxunto no presente anexo.

Como se observa, os camiños obxecto de actuación non afectan a ningún elemento patrimonial.

Os Elementos Patrimoniais localizados dentro ou preto da Z.C.P. baséanse nos catalogados dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de estudo.

Achéganse no Subanexo I, de Fichas dos Elementos Patrimoniais localizados na Zona de Concentración Parcelaria.

### **4.2. DETALLE DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS UBICADOS NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.**

En primeiro lugar, destacar que a prioridade é que ningún dos elementos patrimoniais da Zona de Concentración Parcelaria de estudo resulte afectado polos trazados dos camiños. Ademais, como se observa nos planos, ningún dos camiños se atopa dentro da área de cautela dalgún dos elementos patrimoniais. En primeiro lugar achégase unha listaxe cos elementos patrimoniais que se atopan dentro da zona de concentración parcelaria.

#### **Patrimonio Histórico - Etnográfico:**

| <b>Nome</b>                          | <b>Lugar</b>                 | <b>X<br/>ETRS89</b> | <b>Y<br/>ETRS89</b> |
|--------------------------------------|------------------------------|---------------------|---------------------|
| <b>Igrexa de Estas</b>               | Estas. Parroquia de Santiago | 519781              | 4647107             |
| <b>Casa reitoral</b>                 | Estas. Parroquia de Santiago | 519758              | 4647117             |
| <b>Capela San Sebastián</b>          | Estas. Parroquia de Santiago | 519795              | 4646948             |
| <b>Castelo de Medos</b>              | Os Medos                     | 519119              | 4646914             |
| <b>Os Medos</b>                      | Os Medos                     | 519605              | 4646480             |
| <b>Igrexa Parroquial de Figueiró</b> | Figueiró (San Martiño)       | 518905              | 4645785             |
| <b>Casa reitoral</b>                 | Figueiró (San Martiño)       | 518911              | 4645760             |

**Anexo 10: Medidas de Protección do Patrimonio**

| <b>Nome</b>                                  | <b>Lugar</b>                               | <b>X<br/>ETRS89</b> | <b>Y<br/>ETRS89</b> |
|----------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------------|---------------------|
| <b>Cruceiro da Praza de San Martiño</b>      | Figueiró (San Martiño)                     | 518883              | 4645743             |
| <b>Material Romano de Figueiró</b>           | Figueiró (San Martiño)                     | 518686              | 4645488             |
| <b>Achado de Chan de Piñeiro</b>             | Friáns. Parroquia de San Salvador de Tebra | 518685              | 4645480             |
| <b>Xacemento Romano de Soutelo</b>           | Espiñeiro. Figueiró (San Martiño)          | 518346              | 4645415             |
| <b>Castro da Devesa de Rebadillo</b>         | Goián (San Cristovo)                       | 518298              | 4644960             |
| <b>Taller da Devesa de Rebadillo</b>         | Goián (San Cristovo)                       | 518298              | 4644960             |
| <b>Castro de Soutelo</b>                     | Soutelo. Goián (San Cristovo)              | 518311              | 4644946             |
| <b>Achado romano de Soutelo</b>              | Soutelo.<br>Goián (San Cristovo)           | 518856              | 4644936             |
| <b>Muíño de Soutelo</b>                      | Soutelo.<br>Goián (San Cristovo)           | 518571              | 4644513             |
| <b>Inmediación da capela de San Lourenzo</b> | San Lourenzo<br>Goián (San Cristovo)       | 517128              | 4644335             |
| <b>Fonte de Goián</b>                        | A Centinela<br>Goián (San Cristovo)        | 518930              | 4644139             |

## 5. MEDIDAS DE PROTECCIÓN PARA OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Aínda que non se actúa noeste proxecto en zonas de protección de elementos patrimoniais, detállanse a continuación, medidas a ter en conta respecto a este tipo de elementos:

- Non se realizarán dentro do seu perímetro de protección integral remocións profundas de terras, escavacións ou calquera tipo de enterramentos.
- Procederase a balizar e sinalizar exactamente os perímetros de protección integral dos elementos patrimoniais concorrentes nas obras.
- Realizarase un Control Arqueolóxico Intensivo a pé de obra tanto na área de protección integral como das remocións de terras e/ou calquera tipo de obras, que se levarán a cabo se fose

necesario, no seu entorno próximo, mantendo, neste caso, a distancia de cautela definida, contada sempre dende o perímetro máis externo do xacemento/elemento.

- Os valos de pedra e muros de peche tradicionais, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio, deben terse en conta nas obras a desenvolver, adoptándose as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, se fose necesario. Os que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto de recuperación, desmantelándoos e repoñéndooos nunha localización adecuada, é dicir, nas novas marxes dos camiños a executar.
- As lascas graníticas perimetrais que se poidan localizar nos noiros das canles de rega tradicionais, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe hidráulica galega e caracterizan culturalmente o territorio, deben terse en conta nas obras a desenrolar, adoptándose as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, se fose necesario.
- As que por forza haxa que retirar pola implantación sobre a canle dunha obra de Drenaxe Transversal (ODT), proxectada ou non, e aprobada previamente polo Organismo da Conca, deberán ser obxecto de recuperación, desmantelándoas e repoñéndooas na súa localización adecuada, e dicir, augas arriba ou abaixo da mesma canle.

## **6. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS**

- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo de 2001, publicado no BOP o 15 de maio de 2001, no DOG o 16 de abril de 2001 e entrou como Normativo o 15 de maio de 2001.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Regulamento (UE) 2016/1628 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 14 de septiembre de 2016, sobre los requisitos relativos a los límites de emisiones de gases y partículas contaminantes y a la homologación de tipo para los motores de combustión interna que se instalen en las máquinas móviles no de carretera, por el que se modifican los Reglamentos (UE) n.º 1024/2012 y (UE) n.º 167/2013, y por el que se modifica y deroga la Directiva 97/68/CE (Texto pertinente a efectos del EEE)
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución de 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- Ley 7/2022, de 8 de abril, de residuos y suelos contaminados para una economía circular
- Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.

- Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), o cal, na súa Disposición Derogatoria Única, de Derogacións, indica que á súa entrada en vigor, queda derogado Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Lei 5/2019, do 2 de Agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia
- R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

## **7. CONCLUSIÓN**

Tendo en conta que:

- **No se detectaron afeccións patrimoniais, aínda así, todos os elementos existentes na zona, están reflexados na memoria e nos anexos, tomándose as correspondentes medidas de cautela de cara á preservación dos valores que representan os bens e paraxes afectados, sempre á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia.**
- **Para as afeccións patrimoniais e ambientais que puideran xurdir na Fase de Execución dos camiños están identificadas, cuantificadas, valoradas e definidas, as correspondentes Medidas de Protección.**
- **As Medidas Correctoras e de Integración Paisaxística adoptadas son as necesarias e esixidas para o cumprimento medioambiental e patrimonial da Obra.**

CONCLÚESE que a Obra recollida no ***“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”*** á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións, no seu conxunto.



Proxecto de Obras Complementarias  
na Zona de Concentración Parcelaria  
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,  
Pontevedra)

**SUBANEXO 10.1**

**FICHAS DE PATRIMONIO**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA



Xacobeo 21-22

## BEN DE INTERESE CULTURAL ( BIC )

*PBA\_actualización 2021*

CLAVE

BIC.000.551

CÓDIGO


GA36054046

PROVINCIA

Pontevedra

NOME

Forte dos Medos ou de Santiago Carillo



SITUACIÓN

Núcleo

Medos, Os

Parroquia

Estás (Santiago)

Concello

Tomiño

TIPO

Xenérica

DATA DECLARACIÓN

DESCRICIÓN

X;Y ETRS89 UTM29

519119 ; 4646914



## Xacemento romano de SOUTELO / ESPÍRITU SANTO

**Clave de identificación:** GA36054051

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Goián (San Cristovo)

**Nº Plano P.X.O.M.:** 18


**Nº Folla 1:10.000:** 299-11

**Adscripción Tipolóxica:** Indeterminado

**Adscripción Cultural:** Romano

**Clasificación solo xacemento:**

Solo de Protección Agrícola



**18**

Situación xacemento

-  Delimitación do xacemento
-  Área de Protección

|    |    |    |    |
|----|----|----|----|
| 1  | 2  |    |    |
| 3  | 4  | 5  |    |
| 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 |    |
| 21 | 22 |    |    |
| 23 | 24 |    |    |

Situación Plano de Ordenación

SOUTELO / ESPÍRITU SANTO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
CONCELLO DE TOMIÑO

FICHA DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

**CONCELLO DE TOMIÑO**  
Aprobación definitiva 29/marzo/2001  
NOV 2000  
Asdo. Catalina Echevarría Buares



ANTA DE MOURA  
ARQUEOLÓXICA



# Achado romano de SOUTELO

Clave de identificación: GA36054ACH10

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián (San Cristovo)

Nº Plano P.X.O.M.: 21

Nº Folla 1:10.000: 299-21

Adscripción Tipolóxica: Indeterminado

Adscripción Cultural: Romano

Clasificación solo xacemento:

Solo de Protección Agrícola



21

Situación xacemento



Delimitación dos achados

Área de Protección

|    |    |    |    |
|----|----|----|----|
| 1  | 2  |    |    |
| 3  | 4  | 5  |    |
| 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 |    |
| 21 | 22 |    |    |
| 23 | 24 |    |    |

Situación Plano de Ordenación

SOUTELO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
CONCELLO DE TOMIÑO

FICHA DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

CONCELLO DE TOMIÑO  
Aprobación definitiva PXOM 29/marzo/2001


Asdo.: Catalina Estevanilla Buades



ANTA DE MOURA  
ARQUEOLÓXICA

## 38

Solo de núcleo rural



|    |    |    |    |
|----|----|----|----|
| 1  | 2  |    |    |
| 3  | 4  | 5  |    |
| 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 |    |
| 21 | 22 |    |    |
| 23 | 24 |    |    |

### Situación Plano de Ordenación

NOV. 2000

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
CONCELLO DE TOMIÑO

FICHA DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

ANTA DE MOURA  
Arqueologia



# Inmediacións CAPELA DE SAN LORENZO

**Clave de identificación:** GA36054050

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Goian (San Cristovo)

**Nº Plano P.X.O.M.:** 21


**Nº Folla 1:10.000:** 299-21

**Adscripción Tipolóxica:** Indeterminado

**Adscripción Cultural:** Indeterminado-Moderno

**Clasificación solo xacemento:**

Solo de Protección Agrícola



|    |    |
|----|----|
| 1  | 2  |
| 3  | 4  |
| 5  | 6  |
| 7  | 8  |
| 9  | 10 |
| 11 | 12 |
| 13 | 14 |
| 15 | 16 |
| 17 | 18 |
| 19 | 20 |
| 21 | 22 |
| 23 | 24 |

Situación Plano de Ordenación

CAPELA DE SAN LORENZO

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL  
CONCELLO DE TOMIÑO

FICHA DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

CONCELLO DE TOMIÑO  
29 marzo 2001

NOV 2000

Assinado: Catalina Echeverría Cidres

ANTA DE MOURA  
Arqueoloxía

Proxecto de Obras Complementarias  
na Zona de Concentración Parcelaria  
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,  
Pontevedra)

**SUBANEXO 10.2**

**PLANOS DE PATRIMONIO**







Proxecto de Obras Complementarias  
na Zona de Concentración Parcelaria  
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,  
Pontevedra)

**ANEXO 11**

**MATRIZ DE CONDICIONANTES AMBIENTAIS E  
PATRIMONIAIS**

**Anexo 11: Matriz de Condicionantes Ambientais e Patrimoniais**

---

## ÍNDICE

|                                                          |          |
|----------------------------------------------------------|----------|
| <b>1. OBXECTO.....</b>                                   | <b>4</b> |
| <b>2. ANTECEDENTES .....</b>                             | <b>4</b> |
| <b>3. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN .....</b>               | <b>5</b> |
| <b>4. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS .....</b>         | <b>5</b> |
| 4.1. EMPRAZAMENTO .....                                  | 5        |
| 4.2. TIPOLOXÍAS DOS CAMIÑOS PREVISTAS .....              | 6        |
| <b>5. ELEMENTOS AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS .....</b>      | <b>6</b> |
| 5.1. ELEMENTOS AMBIENTAIS .....                          | 6        |
| 5.2. ELEMENTOS PATRIMONIAIS.....                         | 6        |
| <b>6. NORMAS CONSTRUTIVAS.....</b>                       | <b>6</b> |
| <b>7. DISPOSICIÓNS NORMATIVAS MEDIO AMBIENTAIS .....</b> | <b>8</b> |
| <b>8. CONCLUSIÓNS .....</b>                              | <b>9</b> |

SUBANEXO I: TÁBOA DE AFECCIÓNS POR CADA CAMIÑO

SUBANEXO II: PLANOS DE AFECCIÓNS

SUBANEXO III: CHECKLIST AMBIENTAL / SECTORIAL

## **1. OBXECTO**

Redáctase o presente Anexo para xustificar o cumprimento das Obras recollidas no “Proxecto de Camiños Secundarios da Zona de Reestruturación Parcelaria de Barbeito (Vilasantar, A Coruña)” ás condicións técnico-ambientais establecidas e esixidas pola actual lexislación concorrente en actuacións desta natureza.

O obxectivo do “Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)” será mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións. Para iso, as melloras que será necesario realizar como parte do proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de accesos adecuados ás novas leiras de substitución que xurdan da reordenación da propiedade.

## **2. ANTECEDENTES**

A Concentración Parcelaria da Zona de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra) foi declarada de utilidade pública e urxente execución o 17 de agosto de 1993.

Con data 14 de xullo de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

As bases definitivas foron aprobadas o 16 de xaneiro de 1997 e adquiriron firmeza o 30 de xaneiro de 2003. O acordo de concentración parcelaria foi aprobado con data 27 de novembro de 2006 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2007), por Resolución do 6 de xullo de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, anúnciase a toma de posesión provisional dos predios de substitución na zona de concentración. Sendo a situación actual de acordo pendente de firmeza

Dita lei dispón na súa Disposición transitoria primeira referida á irretroactividade da norma, que as disposicións introducidas en dita lei aplicaranse aos procedementos de concentración parcelaria en curso sen retroceder nos trámites, adaptándose, de ser posible, á fase en que se encontren. No caso de non poder levar a cabo esta adaptación, dita lei aplicárase no inicio da fase seguinte.

Destacar tamén que se utilizou como referencia o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo do 2001, Publicado no BOP o 15 de maio do 2001.

### **3. XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN**

As necesidades a satisfacer pola Rede de Camiños proxectada son as seguintes:

- **Necesidades sociais**
  - a) Comunicar os lugares entre si, e coas parroquias veciñas, con viais máis curtos e rápidos (*potenciando o intercambio de iniciativas*), e mellorar os seus accesos.
  - b) Dotar á zona dunhas vías de comunicación que faciliten o desenvolvemento socioeconómico da mesma.
- **Necesidades económicas**
  - a) Comunicación cos centros de produción, comerciais e administrativos.
  - b) Dotar de adecuado servizo ás leiras de reemprazo en beneficio da súa rendibilidade.
- **Vertebración da Zona de Reestruturación Parcelaria**

Coas actuacións obxecto do presente Proxecto iniciárase, de xeito óptimo e sostible:

- a) Unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
- b) Un acceso directo as fincas de reemprazo da zona.
- c) Adecuación de toda a rede de camiños (*actuais e futuros*), e indirectamente das estradas da zona, o nivel de seguridade vial esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o nivel de tráfico que soportan na actualidade.

Segundo o disposto no **artigo 2 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia**, unha das finalidades da concentración é a de establecer unha rede viaria á que teñan acceso directo todas as fincas de reemprazo.

Con este fin, xunto co de mellorar a comunicación entre os lugares das parroquias e as paraxes onde se sitúan agras e montes obxecto de reestruturación, redáctase o presente proxecto como parte do Plan de Obras e Melloras Territoriais, tendente a mellorar as condicións para a explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais da zona.

### **4. DESCRICIÓN DAS OBRAS PROXECTADAS**

#### **4.1. EMPRAZAMENTO**

As obras descritas emprázanse nas parroquias de Estás e Figueiró, pertencentes aos Concellos de Tomiño, e atópanse situadas ao sur da provincia de Pontevedra e ao sur do Concello de Tomiño, tal e como se pode comprobar no Plano 1, de Situación, axunto ó Documento de PLANOS do presente Proxecto.



## **4.2. TIPOLOXÍAS DOS CAMIÑOS PREVISTAS**

As Obras previstas no *“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”* definen unha rede de **catro (4) camiños, unha (1) rampla e un (1) viradoiro**, cunha lonxitude total de **679 metros (0,679 Km.)**.

A rede de camiños proxectada está formada por:

- Camiño C1: Nova Apertura. Cunha lonxitude de 57 metros lineais.
- Camiño C2: Mellora. Cunha lonxitude de 63 metros lineais onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas.
- Camiño C3: Do P.Q. 0+000 ao 0+100 mellora onde se levará a cabo acondicionamentos de firmes principalmente, sen novas aperturas, e do P.Q. 0+100 (aprox.) nova apertura. Cunha lonxitude total de 203 metros lineais.
- Camiño C4: Nova Apertura. Cunha lonxitude de 123 metros lineais.
- Rampla: Nova apertura salvo na parte final que se acondiciona o existente, sen novas aperturas.
- Viradoiro: Cunha lonxitude de 23 metros lineais (máis 200 m iniciais), levarase a cabo nova apertura en todo o tramo salvo na parte da dereita na que se fai unha mellora consistente no desbroce da zona existente.

## **5. ELEMENTOS AMBIENTAIS E PATRIMONIAIS**

### **5.1. ELEMENTOS AMBIENTAIS**

#### **5.1.1. Espazos naturais**

Ningunha das actuacións previstas esta localizada en espazo natural protexido incluído algún da Rede Natura 2000.

#### **5.1.2. Hábitats prioritarios**

Dentro da Zona de Concentración Parcelaria non se detecta a presenza de ningún dos hábitats relacionados no Anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (BOE nº 206 de 22/07/1992).

### **5.2. ELEMENTOS PATRIMONIAIS**

En primeiro lugar, destacar que a prioridade é que ningún dos elementos patrimoniais da Zona de Reestruturación Parcelaria de estudo resulte afectado polos trazados dos camiños.

## **6. NORMAS CONSTRUTIVAS**

- Os camiños afirmados faranse logo de quedar totalmente terraplenados e compactados ata a altura da rasante.
- Se no transcurso das obras aparece algunha canteira, que, por causas xustificadas puidese interesar explotar, poderase, a xuízo do Director das Obras, autorizar o emprego do material

**Anexo 11: Matriz de Condicionantes Ambientais e Patrimoniais**

---

obtido nela.

- Como norma xeral, adóptanse noiros en desmontes e terrapléns de pendente 2/3 e 3/2, respectivamente.
- Os terrapléns executaranse por tongadas de espesor acorde coa maquinaria a empregar para alcanzar a densidade esixida, debendo ser consolidada cada tongada antes de engadir a seguinte.
- A capa vexetal superficial, non será utilizada para a compensación de terras e verterase fóra dos límites da área de explanación do camiño ou estenderase sobre as leiras colindantes en época fóra de cultivo.
- Os formigóns executaranse coa resistencia característica que figura nos cadros de prezos e estado de medicións, quedando totalmente prohibido o emprego de saburra, ou revoltón natural, o cal soamente poderá empregarse cando, extraído de leitos de ríos e efectuada a súa clasificación en presenza do Director das Obras, ou persoa en quen delegue, se comprobe que a súa clasificación natural, corresponde exactamente ao previsto nos cadros de prezos. Noutro caso, deberá cribarse e dosificarse volumetricamente, de acordo coas características do formigón.
- A apertura de cunetas en cada camiño, deberá realizarse inmediatamente logo da explanación do camiño en cuestión, co obxecto de defendelo de posibles asolagamentos debidos ás augas superficiais.
- A contrata deberá axustarse estritamente ós prazos parciais e total de execución das obras que figuran no Prego de Condicións Administrativas de contratación que rexe para o Proxecto.
- A efectos da súa medición e abono, corresponde á Dirección das Obras catalogar todo o que expresamente non estivese establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, para o que se regulara polas normas contidas na lexislación vixente aplicable a este tipo de obras

A rede viaria actualmente existente poderá ser aproveitable naqueles tramos que teñan un trazado adecuado e un firme aceptable, aínda que deberá ser mellorada en diferentes aspectos como é o seu propio trazado, pendente, limpeza e ensanche dos camiños, así como na achega de material granular e obras de fábrica correspondentes. Cabe salientar que en ningún dos camiños existentes se poderá deixar o firme tal e como está actualmente.

## **7. DISPOSICIÓN NORMATIVAS MEDIO AMBIENTAIS**

- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello Tomiño, aprobado definitivamente o 29 de marzo do 2001, Publicado no BOP o 15 de maio do 2001, no DOG o 16 de abril do 2001 e entrou como Normativo o 15 de maio do 2001.
- Lei 4/2015, do 17 de Xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Directiva 97/68/CCE, do 16 de decembro, referida ó control das emisións de dióxido de nitróxeno (NO<sub>2</sub>), partículas e fumes negros e outros contaminantes.
- R.D. 849/1986, do 11 de abril, polo que se rixe o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, (Modificado por R.D. 367/2010, R.D. 9/2008, R.D. 1620/2007, R.D. 606/2003, Resolución de 21 de novembro de 2001, R.D. 1771/1994, R.D. 419/1003 e R.D. 1315/1992).
- Decreto 174/2005, de 7 de decembro, polo que se regula a Autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia.
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos Ecosistemas acuáticos continentais, e de maneira particular todo o sinalado no anexo V de dito decreto respecto á calidade das augas.
- Real Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Duero, Tajo, Guadiana e Ebro (BOE nº 16, do 19 de xaneiro de 2016), o cal, na súa Disposición Derogatoria Única, de Derogacións, indica que á súa entrada en vigor, queda derogado Real Decreto 285/2013, de 19 de abril, polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil.
- Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- R.D. Legislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas.
- Lei 5/2016, do 4 de Maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

## 8. CONCLUSIÓN

Tal e coma se pode observar nos anexos: 9, de Medidas de Protección Ambiental e Integración Paisaxística, 10, de medidas de protección de patrimonio e 11, matriz de condicionantes ambientais e patrimoniais; e en cumprimento dos estudos ambientais previos, para un correcto desenvolvemento medioambiental das obras previstas, todas as medidas correctoras necesarias se toman acorde cos condicionantes técnico-ambientais establecidos polo Servizo de Estruturas e Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural.

- A continuación axúntase unha táboa na que aparecen en cor vermello as incidencias e en verde os camiños que non provocan afeccións.

| TÁBOA RESUMO DE AFECCIÓN |              |                                                      |           |             |          |
|--------------------------|--------------|------------------------------------------------------|-----------|-------------|----------|
| Nome                     | Lonx. Eixo   | Tipo                                                 | Ambiental | Patrimonial | Política |
| C1                       | 57 m         | Nova Apertura                                        | NON       | NON         | SI       |
| C2                       | 63 m         | Mellora                                              | NON       | NON         | SI       |
| C3                       | 203 m        | 0+000-0+100 – mellora<br>0+100-0+203 – nova apertura | NON       | NON         | SI       |
| C4                       | 123 m        | Nova Apertura                                        | NON       | NON         | NON      |
| Rampla                   | 10 m         | Mellora                                              | NON       | NON         | NON      |
| Viradoiro                | 23 m + 200 m | Nova Apertura                                        | NON       | NON         | SI       |

CONCLÚESE que a Obra recollida no *“Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)”* á espera das observacións ó respecto que podan realizar os organismos con competencia na materia, cumpre co esixido na Normativa Ambiental e Patrimonial vixente e rexedora para este tipo de actuacións.

# Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

## **SUBANEXO 11.1**

### **TÁBOA DE AFECCIÓNS**

**TÁBOA DE AFECCIÓNIS RELATIVAS Á HIDROLOXÍA DOS CAMIÑOS SECUNDARIOS:**

| Nome         | Lonx. Eixo | Nome Regato       | Tipoloxía     | Zona de Policía | Zona de Policía Inicio | Zona de Policía Fin | Cruza o curso da Auga | PK Desfavorable | Observacións                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|--------------|------------|-------------------|---------------|-----------------|------------------------|---------------------|-----------------------|-----------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>C1</b>    | 57 m       | Regato dos Bravos | Nova Apertura | 57,00           | 0+000.00               | 0+057               | SI                    | 0+010,40        | <p>O cruzamento prodúcese de xeito perpendicular ó cauce, e servirá para unir o camiño existente ca outra marxe do rego, dando acceso desta maneira a catro parcelas que non o tiñan previamente (14,15,16 e 17).</p> <p>A cartografía de confederación nese punto tampouco é todo o precisa que debería, e parece que se producen dous cruzamentos. No levantamento de campo realizado o 30 de Setembro de 2022 observouse que soamente se produce o cruzamento nun punto e o camiño proxectado, construírase fóra da área de servidume do rego.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>C2</b>    | 63 m       | Regato Cerradas   | Nova Apertura | 63,00           | 0+000.00               | 0+063               | SI                    | 0+042,87        | <p>O camiño atópase na zona de policía do regato Cerradas, pero o cruzamento prodúcese nun pequeno afluente que se atopa ó sur deste.</p> <p>É importante salientar que aínda que se trata dun cauce pequeno e pouco profundo, posúe unha cunca de máis de 1,5km<sup>2</sup>, polo que si que se terá que colocar un marco de formigón no cruzamento.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| <b>C3</b>    | 203 m      | Regato Cerradas   | Nova Apertura | 203,00          | 0+000.00               | 0+203               | NON                   | 0+100,00        | <p>Se se utilizan os shapes da cartografía da Confederación Hidrográfica, este camiño non se atopa na zona de policía do regato das Cerradas, aínda que despois de realizar o levantamento de campo observamos como se atopa xusto ó lado do camiño C3, na ortofoto do PNOA tamén podemos observar que a traza da zona de policía non é correcta.</p> <p>Por outra parte, o regato na actualidade sálvese mediante dous tubos de 80 cm de diámetro. Na zona de servidume dese camiño non se vai a actuar, xa que actualmente o camiño ten uns 5 metros de ancho, polo que vai a cumprir a sección tipo do resto do camiño sen problema. No resto si que se vai a construír a sección tipo de forma normal.</p> <p>Finalmente, existe unha canle que discorre paralela ó regato e que desemboca nel, augas abaixo da zona de actuación. Actualmente o cruzamento entre a canle e o camiño sálvese mediante un tubo de formigón de 40cm de diámetro. Ese cruzamento vaise manter no mesmo estado que na actualidade.</p> |
| <b>C4</b>    | 123 m      |                   | Nova Apertura |                 |                        |                     |                       |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>Rampa</b> | 10 m       |                   | Reparación    |                 |                        |                     |                       |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |



|-----------------------------------------------------------|----------------------|-------------|--------------|--------------|--------------------------|
|                                                           |                      | DEL SÍMBOLO | DE SEGURIDAD | DE CONTRASTE |                          |
| PRIORIDAD AL SENTIDO CONTRARIO                            |                      | ROJO NEGRO  | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| PRIORIDAD RESPECTO AL SENTIDO CONTRARIO                   |                      | ROJO BLANCO | AZUL         | BLANCO       |                          |
| ENTRADA PROHIBIDA                                         |                      | AMARILLO    | ROJO         | ROJO         |                          |
| ENTRADA PROHIBIDA A VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE MERCANCÍAS |                      | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| LIMITACIÓN DE PESO                                        | <b>5,5t</b>          | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| LIMITACIÓN DE ANCHURA                                     | <b>2<sup>m</sup></b> | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| LIMITACIÓN DE ALTURA                                      | <b>3,5m</b>          | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |

## SEÑALES DE REGLAMENTACIÓN Y PRIORIDAD

| SIGNIFICADO DE LA SEÑAL             | SÍMBOLO   | COLORES     |              |              | ELEMENTO DE SEÑALIZACIÓN |
|-------------------------------------|-----------|-------------|--------------|--------------|--------------------------|
|                                     |           | DEL SÍMBOLO | DE SEGURIDAD | DE CONTRASTE |                          |
| VELOCIDAD MÁXIMA                    | <b>40</b> | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| GIRO A LA DERECHA PROHIBIDO         |           | NEGRO       | AMARILLO     | BLANCO       |                          |
| GIRO A LA IZQUIERDA PROHIBIDO       |           | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| ADELANTAMIENTO PROHIBIDO            |           | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| ADELANTAMIENTO PROHIBIDO A CAMIONES |           | NEGRO       | AMARILLO     | ROJO         |                          |
| ESTACIONAMIENTO PROHIBIDO           |           | ROJO        | AZUL         | ROJO         |                          |
| SENTIDO OBLIGATORIO                 |           | BLANCO      | AZUL         | BLANCO       |                          |

## SEÑALES DE OBLIGACIÓN



| DIMENSIONES EN mm |                |    |
|-------------------|----------------|----|
| D                 | D <sub>1</sub> | m  |
| 594               | 534            | 30 |
| 420               | 378            | 21 |
| 297               | 267            | 15 |
| 210               | 188            | 11 |
| 148               | 132            | 8  |
| 105               | 87             | 5  |




ELEMENTOS AUXILIARES DE SEÑALIZACION




PANELES DIRECCIONALES  
PARA CURVAS




PANELES DIRECCIONALES  
PARA OBRAS



CORDON DESALZAMIENTO



PORTALAMPARAS DE PLASTICO



CORDON DESALZAMIENTO  
NORMALY REFLECTIVO



VALLA DE OBRA  
MODELO 1



VALLA DE OBRA  
MODELO 2



CINTA SALZAMIENTO REFLECTANTE



CONOS DE GOMA



VALLA EXTENSIBLE




VALLA DE CONTENCION DE  
PEATONES TIPO AJUNTAMIENTO




CINTA SALZAMIENTO PLASTICO



CLAVOS DE DESACELERACION



PALETAS MANUALES  
DE SEÑALIZACION




VALLA DE CERRAMIENTO DE OBRA




CINTA SALZAMIENTO PLASTICO



CAPTAPAROS HORIZONTAL  
(OVO DE GATO)



HITOS CAPTAPAROS PARA SEÑALIZACION  
LATERAL DE AUTORISTAS EN POLIURETANO



HITOS DE R.V.C.



LAMPARA AUTONOMA  
LUA INTERMITENTE



HITOS LUMINOSO

Proxecto de Obras Complementarias  
na Zona de Concentración Parcelaria  
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,  
Pontevedra)

**ANEXO 12**

**PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE**

**PLANO HOSPITAIS**





**HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO**  
Estrada de Clara Campoamor, 341, 36312  
Vigo, Pontevedra  
TELF: 986 81 11 11

**CENTRO DE SAÚDE DE TOMIÑO**  
Lugar a Rocha, 36, 36740 A Rocha, Pontevedra  
TELF: 986 62 25 62



Proxecto de Obras Complementarias  
na Zona de Concentración Parcelaria  
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,  
Pontevedra)

**ANEXO 12**

**PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE. PREGO**



## ÍNDICE

|           |                                                                                            |           |
|-----------|--------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1.</b> | <b>DISPOSICIÓN LEGAIS DE APLICACIÓN .....</b>                                              | <b>4</b>  |
| <b>2.</b> | <b>OBRIGAS DAS DISTINTAS PARTES INTERVENIENTES .....</b>                                   | <b>5</b>  |
| 2.1.      | OBRIGAS DO COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE .....                              | 5         |
| 2.2.      | OBRIGAS DO CONTRATISTA .....                                                               | 5         |
| 2.3.      | OBRIGAS E DEREITOS DOS TRABALLADORES .....                                                 | 6         |
| <b>3.</b> | <b>PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.....</b>                                                     | <b>7</b>  |
| <b>4.</b> | <b>ENCARGADO DE SEGURIDADE.....</b>                                                        | <b>7</b>  |
| <b>5.</b> | <b>CONDICIÓN A CUMPRIR POLOS MEDIOS DE PROTECCIÓN .....</b>                                | <b>8</b>  |
| 5.1.      | EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL .....                                                     | 8         |
| 5.2.      | EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA.....                                                       | 8         |
| <b>6.</b> | <b>CONDICIÓN DE SEGURIDADE A CUMPRIR POLAS MÁQUINAS.....</b>                               | <b>9</b>  |
| <b>7.</b> | <b>INSTALACIÓN E SERVIZOS DE HIXIENE, E BENESTAR DOS TRABALLADORES.....</b>                | <b>10</b> |
| <b>8.</b> | <b>NORMAS DE MEDICIÓN E CERTIFICACIÓN DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS DE SEGURIDADE E SAÚDE</b> | <b>12</b> |



## **1. DISPOSICIÓNS LEGAIS DE APLICACIÓN**

Son de obrigado cumprimento as disposicións contidas en:

- o RD Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do Estatuto dos traballadores.
- o Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción (BOE de 19 de outubro de 2006).
- o Lei 31/95 do 8 de novembro sobre Prevención de riscos laborais (BOE 10/11/97).
- o Orde TAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas no ámbito da Seguridade Social e a financiación da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais.
- o Real Decreto 1627 do 24 de outubro. Disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construcción (BOE nº 256 de 25 de outubro).
- o Real Decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ó ruído.
- o Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, por el que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas y garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias ITC-RAT 01 a 23.
- o Convenio colectivo provincial da Construción.
- o Real Decreto 39/97 do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención.
- o Real Decreto 1215/97 do 18 de xullo. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos equipos de traballo.
- o Real Decreto 773/97 do 30 de maio. Disposicións mínimas de seguridade e saúde a utilizar polos traballadores de equipos de protección individual.
- o Ordenanzas Municipais.
- o Real Decreto 485/97 do 14 de abril. Disposicións mínimas de sinalización de seguridade e saúde no traballo.
- o Real Decreto 486/97 do 14 de abril. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- o Real Decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos en particular dorsolumbares, para os traballadores.
- o Real Decreto 130/2017, de 24 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Explosivos.
- o Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para baixa tensión.
- o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias ITC-RAT 01 a 23.
- o Regulamento de Protección dos traballadores contra os Riscos relacionados coa Exposición a Axentes Biolóxicos durante o traballo (Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, B.O.E. 24-05-97)
- o Regulamento de Protección dos traballadores contra os Riscos relacionados coa Exposición a Axentes Canceríxenos durante o traballo (Real Decreto 665/1997, de 12 de maio, B.O.E. 24-05-97).

- o Real Decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte o risco eléctrico.
- o Real Decreto 374/2001, de 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo
- o Real Decreto 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.
- o Orden do 31 de agosto de 1987 sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado.
- o Todas aquelas normas UNE e ISO que sexan de obrigado cumprimento.

## **2. OBRIGAS DAS DISTINTAS PARTES INTERVENIENTES**

### **2.1. OBRIGAS DO COORDINADOR EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE**

O coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, ou a dirección facultativa no seu caso, deberá desenvolver as seguintes funcións:

- Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista e, no seu caso, as modificacións introducidas no mesmo.
- Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra.
- Coordinar as actividades da obra para garantir que os contratistas e, no seu caso, os subcontratistas e os traballadores autónomos apliquen de maneira coherente e responsable os principios de acción preventiva.
- Organizar a coordinación de actividades empresariais cando no mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores de dous ou máis empresas.
- Coordinar as accións e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.

Respecto ó *libro de incidencias*:

- Visar dito libro no colexio profesional que vise o proxecto de execución da obra ou, no seu caso, na correspondente oficina de supervisión do proxecto.
- Utilizar dito libro para fixar nel as incidencias de seguridade que poidan ir xurdindo ao longo da obra.

### **2.2. OBRIGAS DO CONTRATISTA**

- Cumprir e facer cumprir ao seu persoal o establecido no plan de seguridade e saúde.
- Adoptar as medidas necesarias en orde á máis perfecta organización e plena eficacia da debida prevención dos riscos que poidan afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores ao servizo da empresa.
- Promover canto fora preciso, tanto para o mantemento das máquinas, ferramentas, material e útiles de traballo nas debidas condicións de seguridade, como para o normal funcionamento dos servizos médicos, instalacións sanitarias e servizos de hixiene para os traballadores da empresa.
- Facilitar gratuitamente aos traballadores os medios de protección persoal de carácter adecuado aos traballos que realicen.
- Velar pola práctica de recoñecementos médicos, iniciais e periódicos aos traballadores, conforme ao establecido nas disposicións.

- Observar con todo rigor e exactitude as normas vixentes relativas a traballos prohibidos a menores, e impedir a ocupación dos traballadores en máquinas ou actividades perigosas cando os mesmos sufran doenzas ou defectos físicos tales como epilepsia, cambras, vertixes, xordeira, anomalías de visión u outros análogos, ou se atopen en estados ou situacións que non corresponden ás esixencias psicofísicas dos seus respectivos postos de traballo.
- Establecer aqueles canles constantes que, en calquera momento, permitan obter unha información axeitada sobre os defectos de prevención que se produzan e os perigos que se advirtan.
- Fomentar a cooperación de todo o persoal as súas ordes para manter as mellores condicións de seguridade, saúde e benestar dos traballadores da empresa.
- Promover a máis completa formación en materia de seguridade e saúde no traballo do persoal directivo, técnico, mandos intermedios e traballadores ao servizo da empresa.
- Facilitar instrución adecuada ao persoal antes de que comece a desempeñar calquera traballo, acerca dos riscos e perigos que lle poidan afectar, e sobre a forma, métodos e procesos que deben observarse para prevelos ou evitalos.
- Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais na execución da obra.
- Informar e proporcionar as instrucións adecuadas aos traballadores autónomos sobre todas as medidas que deban adoptarse no que se refire a súa seguridade e saúde na obra.
- Atender as indicacións e cumprir as instrucións do coordinador en materia de seguridade e da saúde durante a execución da obra ou, no seu caso, da dirección facultativa.
- Cumprir as disposicións mínimas do anexo IV del R.D. 1627/97 durante a execución da obra.

### **2.3. OBRIGAS E DEREITOS DOS TRABALLADORES**

De acordo co artigo 29 da Lei de prevención de riscos laborais, os traballadores están obrigados expresamente a:

- Velar, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e pola de aquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, a causa dos seus actos e omisións no traballo, de conformidade coa súa formación e as instrucións do empresario.
- Os traballadores, de acordo a súa formación e seguindo as instrucións do empresario, deberán en particular:
  - Usar adecuadamente, de acordo coa súa natureza e os riscos previsibles, as máquinas, aparatos, ferramentas, sustancias perigosas, equipos de transporte e, en xeral, calquera outros medios cos que desenvolvan a súa actividade.
  - Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados polo empresario, de acordo coas instrucións recibidas deste.
  - Non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes, ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade, ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
  - Informar de inmediato ao seu superior xerárquico directo, e aos traballadores designados para realizar actividades de protección e de prevención ou, no seu caso, ao servizo de prevención, acerca de calquera situación que, ao seu xuízo entrañe, por motivos razoables, un risco para a seguridade e a saúde dos traballadores.
  - Contribuír ao cumprimento das obrigacións establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo.

- Cooperar co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores
- Polo que se refire aos dereitos
  - Os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz.
  - Teñen dereito a unha información adecuada de todas as medidas en materia de seguridade e saúde que teñan que adoptarse.
  - Teñen dereito a formación en materia preventiva.
  - Teñen dereito a coñecer o plan de seguridade e saúde.

### **3. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE**

O Contratista estará obrigado a redactar un Plan de Seguridade e Saúde no traballo adaptando ós medios, persoal e métodos de execución dos que dispón, coa correspondente xustificación técnica, sen que poida implicar unha diminución do importe total nin dos niveis de protección contidos no estudo.

### **4. ENCARGADO DE SEGURIDADE**

A empresa adxudataria nomease un encargado de seguridade de acordo co previsto na Lei de prevención de riscos laborais.

Constituirase o comité de seguridade e saúde cando o número de traballadores sexa superior a 50 ou, no seu caso, o que dispoña o convenio colectivo provincial.

O encargado de seguridade deberá ser un técnico cualificado en prevención de riscos laborais, ou na súa falta, un traballador con ampla experiencia que demostre seguir con aproveitamento algún curso específico de Seguridade e Saúde no traballo na construción.

Normas xerais de actuación do Encargado de Seguridade.

- Promover o interese e cooperación dos traballadores en orde á Seguridade e Saúde.
- Realizar a análise e avaliación de riscos preceptivo segundo a Lei 31 de Prevención de Riscos Laborais.
- Comunicar ao coordinador, ou no seu caso, á Dirección Facultativa, (ou á Xefatura de Obra), as situacións do risco detectado e a prevención adecuada.
- Examinar as condicións relativas á orde, limpeza, ambiente, instalacións e máquinas con referencia á detección de riscos profesionais.
- Prestar os primeiros auxilios aos accidentados.
- Actuar como coñecedor da Seguridade no Comité de Seguridade e Hixiene
- Coñecer con detalle o Plan de Seguridade e Saúde da obra.
- Colaborar co coordinador de S. e S., e no seu caso, coa Dirección Facultativa, (ou Xefatura de Obra), na investigación dos accidentes.

### Normas específicas de actuación do Encargado de Seguridade

- Realizar a análise e avaliación de riscos preceptivos segundo a Lei 31 de Prevención de Riscos Laborais.
- Controlar a posta en obra das normas de seguridade.
- Dirixir a posta en obra das unidades de seguridade.
- Efectuar as medicións de obra executada con referencia ao capítulo de seguridade.
- Dirixir as cuadrillas de seguridade.
- Controlar as existencias e provisións do material de seguridade.
- Revisar a obra diariamente cumprimentando a listaxe de comprobación e de control adecuado a cada fase ou fases.
- Redacción dos partes de accidente da obra.
- Controlar os documentos de autorización de utilización da maquinaria da obra.

## **5. CONDICIÓN A CUMPRIR POLOS MEDIOS DE PROTECCIÓN**

### **5.1. EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL**

Todos os equipos de protección individual terán fixado un período de vida útil, refugándose ao seu termo. Cando polas circunstancias do traballo prodúzase unha deterioración máis rápida nunha determinada peza ou equipo, repoñerase esta, independentemente da duración prevista ou da data de entrega.

Toda peza ou equipo de protección que sufrise un trato límite, é dicir, o máximo para o que foi concibido (por exemplo, por un accidente) será refugado e repostado ao momento.

Aquelas pezas que polo seu uso adquirisen máis folguras ou tolerancias das admitidas polo fabricante, serán repostas inmediatamente.

O uso dunha peza ou equipo de protección nunca representará un risco en si mesmo.

Todo elemento de protección persoal axustarase ao ditado no R.D. 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipos de protección individual.

### **5.2. EQUIPOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA**

Valos autónomos de limitación e protección: terán como mínimo 90 cm. de altura, estando construídas a base de tubos metálicos. Disporán de apoios para manter a súa verticalidade.

Interruptores diferenciais e tomas de terra: a sensibilidade mínima dos interruptores diferenciais será para o alumado de 30 mA. e para forza de 300 mA. A resistencia das tomas de terra non será superior a que garanta unha tensión máxima de 24 V., de acordo coa sensibilidade do interruptor diferencial. Medirase a súa resistencia periodicamente sobre todo na época máis seca do ano.



Extintores: serán adecuados en canto ao axente do extintor e o tamaño e tipo de incendio previsible. Revisaranse cada 6 meses como máximo.

Os sinais de seguridade proveranse e colocaranse de acordo o Real Decreto, do 14 de Abril, polo que se aproba a norma sobre sinalización de seguridade e saúde no traballo.

De acordo co Art. nº 221 da Ou.L.C.V.C. as pasarelas e plataformas estarán construídas de forma resistente con ancho mínimo de tres taboleiros (60 cm) perfectamente ancorados e dotadas no seu perímetro e zonas con risco de caída de persoas e obxectos a distinto nivel coas varandas regulamentarias de acordo cos Art. nº 21 e 23 da Ou.G.S.H.T.

A instalación, cambio e retirada dos medios de protección colectivos serán efectuadas polo persoal adestrado en ese traballo e convenientemente protexidos polas prendas de protección persoal que en cada caso sexan necesarias.

Os elementos de protección colectiva serán revisados periodicamente e adscribiranse a un equipo de traballo para arranxo e reposición dos mesmos

## **6. CONDICIÓN DE SEGURIDADE A CUMPRIR POLAS MÁQUINAS**

Os vehículos terán vixente a Póliza de Seguros con Responsabilidade Civil ilimitada o Carné de Empresa e os Seguros Sociais cubertos, antes de comezar os traballos na obra. A maquina, será portadora da documentación para o seu mantemento e conservación, do fabricante, importador ou subministrador.

A revisión será a que marque o fabricante, importador subministrador nos documentos antes mencionados, e, deberá de atoparse sempre actualizado.

- Marcado.
- Toda a maquinaria de obra levase de forma lexible as seguintes indicacións:
  - Nome e dirección do fabricante.
  - Marcado CE.
  - Designación da serie ou o modelo.
  - Ano de fabricación.
  - Manual de instrucións.

Cada máquina levará un manual de instrucións no que se indique como mínimo o seguinte:

- As condicións previstas de utilización.
- O ou os postos de traballo que poden ocupar os traballadores.
- As instrucións para que poida efectuarse sen risco:
  - A posta en servizo.
  - A utilización.
  - A instalación.
  - A montaxe e o desmonte.

- O reglaxe.
- O mantemento (conservación e reparación).

#### Normas de autorización do uso de maquinaria e das máquinas ferramenta.

Para evitar no posible accidentes na obra, implantarase a obrigación real de estar autorizado a utilizar unha máquina, ou unha determinada máquina ferramenta.

Para iso, o xefe de obra ou ben o encargado de seguridade, cumprimentase unha ficha na que autorizase expresamente a persoa ou persoas que poden utilizar un determinado equipo. Estes documentos, asinaranse por triplicado. O orixinal quedará arquivado na oficina da obra. A copia, entregarase asinada e selada en orixinal, á Dirección Facultativa de S+S , a terceira copia, entregarase asinada e selada en orixinal ao interesado.

## **7. INSTALACIÓNS E SERVIZOS DE HIXIENE, E BENESTAR DOS TRABALLADORES**

### **Casetas de lavabos e aseos**

Disporanse en obra casetas con lavabos e duchas, con auga fría e quente.

O número de duchas, será dunha por cada dez traballadores, das cales, polo menos unha cuarta parte, instalaranse en cabinas individuais.

Existirá polo menos un inodoro por cada 25 persoas.

As dimensións mínimas das cabinas serán 1 metro por 1,20 de superficie e 2,30 metros de altura.

Os inodoros e urinarios instalaranse e conservaranse en debidas condicións de desinfección, desodorización e supresión de emanacións.

### **Vestiaros**

A superficie mínima dos vestiarios será de dous metros cadrados por cada traballador que teña que utilizarlos, e a altura mínima o teito será de 2,30 metros.

Estarán dotados de asentos e de armarios ou taquillas, con chave, para gardar a roupa e o calzado.

### **Comedores**

Os comedores deberán estar situados en lugares próximos os de traballo, separados doutros locais e de focos insalubres ou molestos.

Os pisos, paredes e teitos serán lisos e susceptibles de fácil limpeza, terán unha iluminación, ventilación e temperatura adecuadas, e a altura mínima do teito será de 2,60 metros.

Estarán provistos de mesas, asentos e dotados de vasos, pratos e cubertos para cada traballador. Dispoñerán de auga potable para a limpeza de utensilios e vaixela. Independentemente, existirán uns aseos próximos a estes locais.

Cando non existan cociñas contiguas instalaranse fornos microondas ou calquera outro sistema para que os traballadores poidan quentar a súa comida.

### **Auga potable**

As Empresas facilitarán ao seu persoal, nos lugares de traballo, auga potable, dispoñendo para iso de chaves de auga corrente, e en caso de non existir esta, dun servizo de abastecemento con recipientes limpos e en cantidade suficiente en perfectas condicións de hixiene. Indicarase mediante carteis se a auga non é potable.

### **Condicións común a toda as instalacións.**

- ✓ Disporán de illamento térmico
- ✓ Ventilación ao exterior natural ou forzada.
- ✓ Calefacción no inverno.

Elaborarase e aplicarse sempre un programa adecuado de orde e limpeza por parte do Contratista para a limpeza dos comedores e dos vestiarios.

### **Botiquín**

En todo centro de traballo disporase de botiquíns fixos ou portátiles, ben sinalizados e convenientemente situados, que estarán a cargo da persoa máis capacitada designada pola Empresa.

Cada botiquín conterá como mínimo: auga osixenada, alcol de 96º, tintura de iodo, mercurocromo, amoníaco, gasa estéril, algodón hidrófilo, vendas, esparadrapo, antiespasmódicos, analxésicos e tónicos cardíacos de urxencia, torniquete, bolsas de goma para auga ou xeo, luvas esterilizados, xiringa, agullas para inxectables e termómetro clínico. Revisaranse mensualmente e repoñerase inmediatamente o usado.

Prestados os primeiros auxilios pola persoa encargada da asistencia sanitaria, a Empresa disporá o necesario para a atención médica consecutiva ao enfermo ou lesionado.

### **Asistencia a accidentados**

Deberase informar á obra do emprazamento dos diferentes Centros Médicos (Mutuas Patronais, Mutualidades Laborais, Ambulatorios, Hospitais etc.) onde deberá trasladarse aos accidentados para o seu máis rápido e efectivo tratamento.

Debe dispoñerse dun cartel claramente visible no que se indiquen os centros asistenciais máis próximos á obra en caso de accidente:

| CENTRO                                                       | DIRECCIÓN                                                                    | TELÉFONO     |
|--------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>Centro de Saúde de Goián</b>                              | Pza. Pintor Antonio Fernández,<br>5 - GOIÁN - 36750 - Tomiño<br>(Pontevedra) | 986 62 34 11 |
| <b>Complexo Hospitalario<br/>Universitario de Pontevedra</b> | Rúa Mourente, s/n, C.P.:36071<br>- Pontevedra                                | 986 80 00 00 |
| Emerxencias                                                  |                                                                              | 112          |
| Garda Civil                                                  |                                                                              | 986 80 79 00 |
| Información toxicolóxica                                     | Calle Luis Cabrera 9 -<br>28002 Madrid                                       | 91 562 04 20 |

## **8. NORMAS DE MEDICIÓN E CERTIFICACIÓN DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS DE SEGURIDADE E SAÚDE**

As medicións dos compoñentes e equipos de seguridade realizaranse na obra, mediante a aplicación das unidades físicas e patróns internacionais que as definen; é dicir: m., m2, m3, Ud., e h.

A medición dos equipos de protección individual utilizados, realizarase mediante a análise dos partes de entrega definidos neste prego de condicións técnicas e particulares, xunto co control da provisión dos equipos retirados por uso, caducidade ou rotura.

A certificación do orzamento de seguridade desta obra, está suxeita ás normas de certificación, que deben aplicarse ao resto das partidas orzamentarias do proxecto de execución.

Estas partidas ás que nos referimos, son parte integrante do proxecto de execución por definición expresa da lexislación vixente.

### **Control de entrega dos equipos de protección individual.**

O control da entrega dos equipos de protección individual realizarase mediante o modelo que se expresa a continuación ou calquera outro semellante:

|                                              |            |
|----------------------------------------------|------------|
| Obra:                                        |            |
| Empresa afectada polo control:               |            |
| Nome do traballador:                         | Categoría: |
| Oficio:                                      |            |
| Equipos de protección individual que recibe: |            |

Proxecto de Obras Complementarias  
na Zona de Concentración Parcelaria  
de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño,  
Pontevedra)

**ANEXO 12**

**PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE.  
ORZAMENTO**





## ÍNDICE

|                                     |          |
|-------------------------------------|----------|
| <b>1. ORZAMENTO .....</b>           | <b>4</b> |
| <b>2. RESUMO DO ORZAMENTO .....</b> | <b>4</b> |

## 1. ORZAMENTO

O orzamento de Seguridade e Saúde está incluído no Documento III: Orzamento (Cap. 09 do proxecto xeral).

## 2. RESUMO DO ORZAMENTO

| Capítulo | Resumo                  | Euros (€) |
|----------|-------------------------|-----------|
| 1        | Proteccións Colectivas  | 1.079,50  |
| 2        | Proteccións Individuais | 1.310,55  |
| 3        | Equipamento             | 1.668,15  |

**TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL**

**4.058,20 €**

Ascende o Orzamento de Execución Material á cantidade de CATRO MIL CINCUENTA E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS.

# Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

## **ANEXO 13**

### **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS**





## ÍNDICE

|    |                                          |   |
|----|------------------------------------------|---|
| 1. | INTRODUCCIÓN.....                        | 4 |
| 2. | DESCRIPCIÓN ESTRUCTURAL DOS CADROS ..... | 4 |

### SUBANEXO I: TÁBOA DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CAMIÑOS

## 1. INTRODUCCIÓN

O obxecto do seguinte anexo é o de pormenorizar e describir de xeito gráfico e áxil as diferentes solucións técnicas adoptadas para cada camiño obxecto do presente proxecto, e así facilitar a resolución de calquera dúbida que puidese xurdir no momento da execución dos mesmos.

Entendemos pois que este anexo serve para reflectir as características técnicas e de execución dos camiños de xeito que a súa consulta resulte o mais dinámica posible.

## 2. DESCRICIÓN ESTRUTURAL DOS CADROS

A estrutura do anexo, dada nos cadros explicativos de execución de cada camiño, consta de cinco grandes apartados, cada un deles con información específica, e que sumados dan como resultado unha descrición pormenorizada de cada un dos camiños. Os apartados son os seguintes:

- **Características:** Descríbense datos como pode ser o lugar de inicio e fin dos camiños, prestando especial atención a todas as incidencias que poidan acontecer ó longo do percorrido.
- **Movemento de terras:** Neste apartado faise un resumo da cantidade e tipo de terras que fai falla mover para conseguir forma-la explanación de cada un dos camiños.
- **Firmes:** Neste apartado recóllense datos relacionados cas cantidades das diferentes capas de firme que compoñen cada un dos camiños.
- **Obras de fábrica:** Neste caso, aparecerán as obras de fábrica (marcos e canos empregados neste proxecto) tendo en conta tanto as unidades como a lonxitude de cada un.
- **Sinalización:** Neste apartado faise un resumo da cantidade de sinais verticais necesarias para regular e garantir a circulación nos entronques dos novos camiños entre eles ou con estradas asfaltadas, tanto municipais e provinciais coma autonómicas.

Proxecto de Obras Complementarias na Zona de Concentración Parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño, Pontevedra)

**Anexo 13: Características Técnicas – Subanexo I**

| CARACTERÍSTICAS |                   |                                                  |                  |              |                     |                 |                             |                               |                               |                              | MOVIMIENTO DE TERRAS E FIRMES |                                 |                    |                     |                     |                      |                                              |                   |                   |                                   |          | DRENAXE                   |                                | SINALIZACIÓN                     |                   |
|-----------------|-------------------|--------------------------------------------------|------------------|--------------|---------------------|-----------------|-----------------------------|-------------------------------|-------------------------------|------------------------------|-------------------------------|---------------------------------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|----------------------------------------------|-------------------|-------------------|-----------------------------------|----------|---------------------------|--------------------------------|----------------------------------|-------------------|
| Nome do camiño  | Lonxitude do Eixo | Tipoloxía do Camiño                              | Ancho Plataforma | Sección Tipo | Orixe               | Fin             | Entronques estrada nacional | Entronques estrada autonómica | Entronques estrada deputación | Entronques estrada asfaltada | Desbroce completo             | Compactación plano de fundación | Volume de desmonte | Volume de terraplén | Volume de pedraplén | Refino de plataforma | Volume de material seleccionado de préstamos | Volume de saburra | Volume de macadam | Triple Tratamento Asfáltico ECR-2 | ODT D400 | Embocadura para cano D400 | Sinal de STOP de diámetro 60cm | Sinal camiño sen saída (60x60cm) | Blonda de madeira |
| C1              | 57                | Nova Apertura                                    | 3                | SC-1 e SC-2  | Camiño en Sanomedio | Fincas          |                             |                               |                               |                              | 220,1672                      | 167,2983                        | 25,27              | 92,5                | 0                   | 228                  | 66,91932                                     |                   |                   |                                   |          |                           | 1                              | 1                                |                   |
| C2              | 63                | Mellora                                          | 4                | SC-3         | Camiño principal    | Fincas          |                             |                               |                               |                              | 326,5933                      | 229,9519                        | 2,93               | 127,34              | 0                   | 315                  |                                              | 34,492785         |                   |                                   |          |                           |                                | 1                                |                   |
| C3              | 203               | 0+000-0+100 Mellora<br>0+100-0+203 Nova Apertura | 4                | SC-4 e SC-5  | Camiño principal    | Fincas          |                             |                               |                               |                              | 826,0725                      | 796,4348                        | 445,53             | 2                   | 164,3492            | 1015                 | 318,5739                                     |                   |                   |                                   |          |                           | 1                              | 1                                |                   |
| C4              | 123*+147          | 0+000-0+123 Nova Apertura<br>0+123-0+270 Mellora | 4                | SC-6         | Camiño principal    | Pista Asfaltada |                             |                               |                               | 1                            | 660,899                       | 547,0411                        | 269,07             | 0,69                | 0                   | 1350                 | 136,760275                                   | 90,087            | 21,369105         | 142,4607                          | 22,5     | 4                         | 1                              |                                  |                   |
| C4 (Reposición) |                   | Reposición finca estado previo                   |                  |              |                     |                 |                             |                               |                               |                              |                               |                                 |                    |                     |                     | 435                  |                                              |                   |                   |                                   |          |                           |                                |                                  |                   |
| RAMPLA          | 10                | Mellora                                          | 8                | SC-4         | Camiño en A Aldea   | Fincas          |                             |                               |                               |                              | 67,2                          | 64,3848                         | 51,71              | 0,04                | 0                   | 0                    | 25,75392                                     |                   |                   |                                   |          |                           |                                |                                  |                   |
| VIRADOIRO       | 23*+200           | Nova Apertura                                    | 4                | SC-3         | Camiño en Soutelo   | Fincas          |                             |                               |                               |                              | 916,7928                      | 115,327                         | 15,63              | 2,74                | 0                   | 1078                 |                                              | 17,299            |                   |                                   |          |                           |                                | 1                                |                   |
| TOTALES         | 826               |                                                  |                  |              |                     |                 | 1                           |                               |                               |                              | 3017,7248                     | 1920,4379                       | 810,14             | 225,31              | 164,3492            | 4421                 | 548,007415                                   | 141,878785        | 21,369105         | 142,4607                          | 22,5     | 4                         | 3                              | 4                                |                   |